

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E INDUSTRIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ESTACIÓNS DE SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DAS ESTACIÓNS DE SERVIZO RURAIS EN GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao Rodríguez, DECLARA:

Que esta consellería formalizou coa Federación Galega de Estacións de Servizo (FEGAES) o instrumento convencional arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura o 19/06/2025 ata o 31/12/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e FEGAES para o desenvolvemento conxunto de actuacións dirixidas a fomentar a modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo seguir mantendo servizos á poboación, o que contribúe a manter o seu benestar e, polo tanto, á loita contra a despoboamento rural.

Que existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1.- A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como órgano superior, ten atribuídas competencias no ámbito da seguridade industrial e máis concretamente nas instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, segundo o recollido no Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

Especialmente no ámbito rural, a presenza de estacións de servizo é clave para seguir mantendo servizos á poboación, o que contribúe a manter o seu benestar e, polo tanto, á loita contra a despoboamento rural. De acordo con este obxectivo, a Consellería de Economía e Industria, e no marco das actuacións que a Xunta de Galicia leva a cabo para loitar contra o despoboamento rural, considera necesario garantir a supervivencia das estacións de servizo, para o que é imprescindible que poidan manter un elevado número de servizos que garanta a súa competitividade e o seu futuro. Entre estes servizos, non só se atopan os que actualmente prestan, senón outros innovadores que poden ser de grande utilidade para a poboación.

Que, en liña co citado anteriormente e co impulso e o avance tecnolóxico nas diferentes actividades industriais, promóvese por parte da Consellería de Economía e Industria, en colaboración con FEGAES, a posta en marcha dunha serie de actuacións dirixidas á modernización tecnolóxica, dixital e ao desenvolvemento de actuacións dirixidas a



mellorar a súa seguridade, en estacións de servizo rurais situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- A FEGAES é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. Entre os seus fins está promover a unión de forzas empresariais para velar polos intereses e preocupacións comúns do sector e favorecer o crecemento empresarial dos seus asociados, mellorando o seu posicionamento nun mercado cada día mais competitivo e entre as súas funcións destácase a representación, xestión e defensa dos intereses empresariais das asociacións provinciais e dos seus membros principalmente ante organismos públicos e privados.

Son membros de FEGAES as catro asociacións provinciais de estacións de servizo de Galicia, polo que nela están representadas unha parte moi importante das gasolineras existentes en Galicia. Isto outórgalle a FEGAES un coñecemento do sector e unha capacidade de diálogo e representación no sector das estacións de servizo galegas que non ostenta ningunha outra entidade.

Atendendo ao carácter singular que se deriva das circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, determínase a dificultade de promover a concorrència dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar.

Xustifícase así a imposibilidade de promover a concorrència, nun marco de colaboración que une os eidos de competencias de cadaquén, para conseguir un fin común de interese público, proporcionando vantaxes e sinerxías derivadas desta colaboración, na que están implicadas actividades que coinciden plenamente coas que veñen desenvolvendo as entidades participantes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

